

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 28 de agosto de 2008 de desenvolvemento do Decreto 253/2004, do 7 de outubro, polo que se regulan as actividades de bronceado artificial mediante radiacións ultravioletas, e pola que se establecen os requisitos exixibles aos organismos de control para actuar neste campo.

O Real decreto 1002/2002, do 27 de setembro, que regula a venda e utilización de aparellos de bronceado mediante radiacións ultravioleta, establece as medidas de seguridade para ese tipo de equipamentos e instalacións, as obrigas das empresas que exerzan esa actividade e os requisitos do persoal dos centros de bronceado, co fin de evitar os riscos que poida provocar a utilización destes equipamentos na saúde e na seguridade das persoas. Con ese fin establece as obrigas e actuacións que deben levar a cabo as administracións públicas en materia de industria, sanidade e consumo, nos seus respectivos ámbitos competenciais.

Ademais, o mencionado real decreto establece que as empresas que exerzan esa actividade, aínda que non sexa de maneira exclusiva, deben acreditar ante a Administración competente, mediante unha declaración, a descrición técnica dos aparellos e materiais de que dispoñen, así como a formación recibida polo persoal dos devanditos establecementos. Obriga, así mesmo, a que se realicen, por parte dun organismo autorizado, revisións técnicas dos aparellos de bronceado.

O Decreto 253/2004, do 7 de outubro, polo que se regulan as actividades de bronceado artificial mediante radiacións ultravioletas, que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* nº 213, do 2 de novembro de 2004, desenvolveu no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia o disposto no mencionado real decreto.

No artigo 7 do antedito decreto establécese que as revisións dos aparellos de bronceado deberán ser feitas como mínimo unha vez ao ano, e cando se fagan cambios que afecten as súas características de irradiancia efectiva e lonxitude de onda. Ademais establece que estas revisións serán realizadas por un organismo de control autorizado para actuar na Comunidade Autónoma de Galicia, no campo de instalacións eléctricas.

Como consecuencia da experiencia acadada durante o tempo de aplicación do antedito decreto e da creación da nova acreditación no campo de aparellos de bronceado pola Empresa Nacional de Acreditación (Enac), considérase preciso establecer uns requisitos mínimos que deberán cumprir os organismos de control que realicen medicións no campo da radiación ultravioleta. Por iso nesta orde se fixan os requisitos exixibles aos organismos de control autorizados para a realización das revisións técnicas de aparellos de bronceado artificial mediante radiacións ultravioletas. Asemade desenvólvense as condicións que deben cumprir os centros que realizan actividades de alugamento de equipamentos de bronceado artificial.

Na súa virtude, no uso das atribucións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto:

1. Establecer os requisitos que deben cumprir aqueles organismos que pretendan realizar as revisións técnicas de aparellos de bronceado artificial mediante radiacións ultravioletas.

2. Desenvolver as condicións que se deben cumprir para levar a cabo a actividade de alugamento de aparellos de bronceado.

Artigo 2º.-*Requisitos necesarios para realizar a revisión técnica de aparellos de bronceado.*

1. Os organismos de control autorizados que pretenden realizar as revisións técnicas dos aparellos de bronceado deberán contar con acreditacións nos ámbitos regulamentarios de instalacións eléctricas, área de baixa tensión, e de instalacións que empregan aparellos para a exposición da pel a radiacións ultravioletas, de conformidade coa súa normativa específica.

2. Para actuar no ámbito da Comunidade Autónoma galega deberán xustificar as ditas acreditacións perante o director xeral competente en materia de industria, presentando a seguinte documentación:

a) Solicitude normalizada, segundo modelo que figura no anexo.

b) Certificados de acreditación da Entidade Nacional de Acreditación (Enac) ou organismo equivalente no ámbito regulamentario de instalacións eléctricas, área de baixa tensión, e no ámbito de instalacións que empregan aparellos para a exposición da pel a radiacións ultravioletas.

3. A documentación presentarase en calquera dos lugares a que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 3º.-*Actividade de alugamento de aparellos de bronceado.*

Terán a consideración de centros de bronceado conforme o disposto polo Decreto 253/2004, do 7 de outubro, ademais daqueles onde os usuarios reciben os tratamentos de bronceado nas propias instalacións, os seguintes:

a) Centros de bronceado onde os usuarios poden recibir os tratamentos nas propias instalacións ou ben poden alugar os aparellos de bronceado.

b) Establecementos dedicados, exclusivamente, ao alugamento de aparellos de bronceado.

Disposición transitoria

No prazo dun ano contado a partir da entrada en vigor desta orde, os organismos de control autorizados na Comunidade Autónoma de Galicia que estean realizando as revisións técnicas de aparellos de bronceado artificial mediante radiacións ultravioletas, deberán presentar ante a dirección xeral competente en materia de industria a documentación exixida no artigo 2º desta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral con competencias en materia de industria para ditar cantas disposicións sexan necesarias en garantía de aplicación, supervisión e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conse lleiro de Innovación e Industria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E
INDUSTRIA

ANEXO

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN-NOTIFICACIÓN-MODIFICACIÓN DE ORGANISMOS DE CONTROL AUTORIZADOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN633A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME/TITULAR		NIF/CIF	
ENDERZO (RÚA E NÚMERO E ANDAR)		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
NA SÚA REPRESENTACIÓN		NIF/CIF	

OBXECTO DA SOLICITUDE

<input type="checkbox"/> AUTORIZACIÓN	<input type="checkbox"/> NOTIFICACIÓN	<input type="checkbox"/> CAMBIO DE TITULARIDADE	<input type="checkbox"/> AMPLIACIÓN/REDUCIÓN DE CAMPOS
---------------------------------------	---------------------------------------	---	--

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

PARA AUTORIZACIÓN / NOTIFICACIÓN	PARA CAMBIO DE TITULARIDADE /AMPLIACIÓN/ REDUCIÓN DE CAMPOS
<input type="checkbox"/> CAMPOS REGULAMENTARIOS EN QUE SE PRETENDE ACTUAR. <input type="checkbox"/> ESTATUTOS OU NORMA POLA QUE SE REXE A ENTIDADE. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DO ESTATUTO XURÍDICO, PROPIEDAD E FONTES DE FINANCIAMENTO DA ENTIDADE. <input type="checkbox"/> CERTIFICADO E ANEXO TÉCNICO DA ENTIDADE NACIONAL DE ACREDITACIÓN SOBRE O RECOÑECIMENTO DA COMPETENCIA TÉCNICA DO ORGANISMO DE CONTROL SOLICITANTE. <input type="checkbox"/> RELACIÓN DAS INSTALACIÓNS E DOS MEDIOS MATERIAIS E HUMANOS, INDICANDO ESPECIFICAMENTE O PERSOAL ADMINISTRATIVO E OS CAMPOS REGULAMENTARIOS EN QUE ACTÚA CADA UN DOS INSPECTORES. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN SOBRE A INDEPENDENCIA E NEUTRALIDADE NAS ACTUACIÓNS, ASÍ COMO DA OBSERVACIÓN DOS PRECEPTOS LEGAIS VIXENTES POR PARTE DO ORGANISMO DE CONTROL AUTORIZADO E DE CADA UN DOS SEUS INSPECTORES. <input type="checkbox"/> PÓLIZA DE SEGUROS QUE CUBRA OS RISCOS DE RESPONSABILIDADE POLA CONTÍA ESTABLECIDA. <input type="checkbox"/> PROGRAMA DE CALIBRACIÓN DOS EQUIPAMENTOS DE VERIFICACIÓN, ACOMPAÑADO DUN CERTIFICADO DA ÚLTIMA CALIBRACIÓN EFECTUADA. <input type="checkbox"/> DEFINICIÓN DO PRECINTO E INDICATIVO DE INSCRICIÓN NO REGISTRO DE CONTROL METROLÓXICO. <input type="checkbox"/> PROCEDEMENTO PARA O TRATAMENTO DAS RECLAMACIÓNS. <input type="checkbox"/> TARIFAS QUE SE VAN APLICAR EN CADA UN DOS CAMPOS REGULAMENTARIOS EN QUE SOLICITA ACTUAR, CON DETALLE DAS PARTIDAS DOS CUSTOS. <input type="checkbox"/> TAXAS ADMINISTRATIVAS CLAVE 32.07.15. <p style="text-align: center;">ADEMAIS NO CASO DE NOTIFICACIÓN</p> <input type="checkbox"/> PUBLICACIÓN NO BOE DA RESOLUCIÓN INICIAL DE AUTORIZACIÓN COMO ORGANISMO DE CONTROL AUTORIZADO.	<input type="checkbox"/> CERTIFICADO E ANEXO TÉCNICO DA ENTIDADE NACIONAL DE ACREDITACIÓN SOBRE O RECOÑECIMENTO DA COMPETENCIA TÉCNICA DO ORGANISMO DE CONTROL SOLICITANTE. * <input type="checkbox"/> RELACIÓN DE INSPECTORES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA QUE INDIQUE OS CAMPOS REGULAMENTARIOS EN QUE ACTÚA CADA UN DELES. <input type="checkbox"/> TAXAS ADMINISTRATIVAS CLAVE 32.07.19. <p style="text-align: center;">ADEMAIS NO CASO DE CAMBIO DE TITULARIDADE</p> <input type="checkbox"/> ESTATUTOS OU NORMA POLA QUE SE REXE A ENTIDADE. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DO ESTATUTO XURÍDICO, PROPIEDAD E FONTES DE FINANCIAMENTO DA ENTIDADE. <input type="checkbox"/> PÓLIZA DE SEGURO QUE CUBRA OS RISCOS DE RESPONSABILIDADE POLA CONTÍA ESTABLECIDA. <input type="checkbox"/> INFORME EN QUE SE RECOLLAN AS VARIACIÓNS NOS RESTANTES REQUISITOS EXIXIDOS NO MOMENTO DA AUTORIZACIÓN INICIAL.

* No caso de organismos que realicen as revisións técnicas dos aparellos de bronceado, acreditacións nos ámbitos regulamentarios de instalación eléctrica, área de baixa tensión, e de aparellos bronceadores.

A documentación que non sexa orixinal deberá presentarse debidamente compulsada.

LEXISLACIÓN APLICABLE -Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria. -R.D. 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial. -Decreto 426/2001, do 15 de novembro, polo que se regulan os organismos de control en materia de seguridade industrial e control regulamentario e se crea a Comisión de Coordinación de Seguridade Industrial de Galicia. -Orde do 28 de agosto de 2008 de desenvolvemento do Decreto 235/2004, do 7 de outubro, polo que se regulan as actividades de bronceado artificial mediante radiacións ultravioletas, e pola que se establecen os requisitos exixibles aos organismos de control para actuar neste campo.	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA		
Lugar e data		

Director xeral de Industria, Enerxía e Minas